



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO
CELEBRADA EN VIGO, NA CASA DO DEPORTE, SEDE DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, O DÍA 3
DE DECEMBERO DE 2016.

ASISTENTES

PRESIDENTE DA F.G.M.
Adolfo Puch Domínguez

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS

Jesús Expósito Alonso
Raúl Leiros Gutierrez
Fernando Fernández Rey

ESTAMENTO DE TÉCNICOS
Katya Sanz Ochoa

ESTAMENTO DE ÁRBITROS
Xosé Lois Freixeiro López

ESTAMENTO DE ENTIDADES DEPORTIVAS

Agrupación Montañeiros Independientes
Club Deportivo Fontiñas
Club Montaña Ferrol
Club Montañeiros Celtas
Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia
Club Montaña Ribeira Sacra
Club Montaña Xistra
Sociedad de Montaña Ártabros
Club de Montaña O Caxado
Club Alpino Ourensán

Félix Criado Alonso (Presidente)
Pedro Carballo Benito (Tesorero)
Xan Antón Ramírez Gómez (Presidente)
Concepción Barciela Villar (Vocal)
José Manuel Requejo Gómez (Vocal)
Xosé Antón Vázquez Pérez (Presidente)
Xosé Henrique Freixeiro Cameselle (Presidente)
Alfonso Louro Fuentes (Vicepresidente)
Manuel Doce Blanco (Presidente)
Alfonso González López (Presidente)

XUNTA DIRECTIVA E PERSONAL TÉCNICO

Alfonso Soto Herrero
Antonio Paredes Chapela
José Antonio Villar Comesaña
César Álvarez Pérez
Felipe Martínez Redondo
Fernando Pérez Iglesias
José Manuel Pérez Prego
Evaristo Fandiño Pérez
Davíd Pérez Araujo

Vocal Coordinador de Actividades Deportivas
Vocal de Barranquismo e Material Deportivo
Vocal Equipamento Zonas Escalada e Deleg. Equipo Escalada
Vocal Escalada Competición e Asesor de Estruturas de Escalada
Vocal de Novas Tecnoloxías aplicadas ao Deporte
Vocal de montañismo Infantil-Xuvenil
Director Técnico da F.G.M.
Tesorero
Director da E.G.A.M.

• Apertura da Asemblea

En segunda convocatoria comeza a Asemblea as 11,30 horas dando o Presidente D. Adolfo Puch a benvida e presentando aos asistentes e membros da mesa.

• Lectura e aprobación da acta anterior.

En ausencia do Secretario Sr. Canle, toma a palabra o Sr. Puch para preguntar si recibieron a acta e si teñen algo que engadir ou corrixir ao que solicitan a Sra. Sanz e o Sr. Criado que se procure remitir as actas con máis antelación e o Sr. Freixeiro López pide que se lle remitan por correo ordinario.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

A continuación se procede á votación para a aprobación da acta con un resultado de trece votos a favor, un en contra e una abstención.

• **Orzamentos para o ano 2017**

Toma a palabra o Sr. Fandiño para expoñer algúns aspectos que afectarán as contas do vindeiro ano, reseñando que baixan as cantidades asignadas a algunas actividades, suben lxeiramente os salarios tras varios anos de conxelación dos mesmos, e continúa a política federativa de contención dos gastos cara a conseguir un equilibrio nas contas de ingresos e gastos.

Neste punto xurden unha serie de intervencións con respecto ao baremo aprobado en Asemblea no ano 1998 que se está a seguir para elixir o mellor club galego e o reparto da cantidade asignada entre os clubs con maior puntuación que data do ano 1998, por parte de los señores Fandiño, Freixeiro Cameselle, Sr. Sanz, Sr. Louro y Sr. Criado. A continuación toma a palabra o Presidente Sr. Puch para indicar que se poden presentar propostas para modificar este baremo na vindeira Asemblea Xeral.

A continuación os Sres. Louro e Ramírez comentan que poderían facer un novo proxecto de baremo.

Seguidamente a Sra. Sanz pide explicacións o Tesoureiro sobre os gastos en informática e web, gastos de representación, e pide tamén que se faga unha renovación do material deportivo.

O Sr. Freixeiro Cameselle expoña que iso xa aparece nas contas xerais da Federación.

O Sr. Ramírez redunda nas explicacións a Sra. Sanz.

Pola súa parte o Sr. Criado considera que os Orzamentos, a o seu entender están desequilibrados.

Intervén a Sra. Barciela comentando que a Copa de Escalada Base non aparece nos orzamentos.

O Sr. Fandiño di que se trata dun erro e que haberá que subsanalo.

O Sr. Criado dice que o encontro de Escaladores non aparece nos Orzamentos.

A Sra. Sanz pide explicacións do Campamento Infantil.

O Tesoureiro Sr. Fandiño vai dando resposta as intervencións sobre as contas federativas explicando partidas e gastos.

O Sr. Freixeiro Cameselle debate sobre o Orzamento co Tesoureiro Sr. Fandiño decindo que non lle parece axustado a realidade, e fala de auditorías, dos gastos deportivos, das revisións dos sendeiros e dos ingresos de licencias.

A continuación o Sr. Puch interven e di a Asemblea que un "Pre-supuesto como indica la palabra no deja de ser un presupuesto aunque se ajuste al máximo", con algunas incognitas e salvedades que se poden dar en determinadas partidas a lo longo do ano, xa que nunca poden saberse con seguridade os imprevistos.

O Sr. Criado vota en falta unha dotación para escalada e alpinismo.

O Presidente Sr. Puch di que esa suposta falta de dotación vense compensada coas becas lanzadas para a promoción da tecnificación en escalada infantil e xuvenil que estase a desenrolar, e que espera se incremente o longo dos anos.

A continuación sométense á votación os Orzamentos por un importe de 358.711,67 € que quedan aprobados cun resultado de dez votos a favor, dous en contra e tres abstencions.

Finalmente comenta o Sr. Fandiño, que as subvencións ata agora tenden a baixar totalmente e que é fundamental autofinanciarse, que é a política a que tende a Federación nos derradeiros anos. Pola súa parte o Sr. Louro di que haberá que equilibrar os orzamentos entre competición e actividades. O Sr. Pérez Araujo comenta que a técnica federativa ten que pasar polo deporte de base con unha cantidade importante adicada a promoción dos xóvenes.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

o Calendario de actividades para o ano 2017

O Presidente expón o calendario deportivo cara o ano 2017 seguindo a tónica dos derradeiros anos con algunas novidades quedaría do xeito que segue en liñas xerais conforme os Orzamentos aprobados:

- o Percorrido Galego de Esquí e Raquetas.
- o Día Galego do Sendeirista.
- o Marcha Galega con Vivac.
- o Descenso Galego de Barrancos.
- o Campamento Infantil-Xuvenil da F.G.M.
- o Marcha Galega de Veteranos.
- o Copa de Escalada Base con dúas probas.
- o Copa Galega de Escalada en Bloque.
- o Copa Galega de Andainas de 50 quilómetros con once probas.
- o Copa Galega de Andainas de 25 quilómetros de proba con cinco probas neste primeiro ano.
- o Copa de Carreiras por Montaña con seis probas.
- o Campionato Galego de Carreiras por Montaña.
- o Campamento de Alta Montaña Alto Atlas Marroquí.
- o Dúas actividades da F.E.D.M.E. Unha proba de Marcha Nórdica e Día Nacional del Senderista.

O Sr. Doce pide explicacións o acontecido coa proba de escalada de As Pontes. Intervén o Presidente Sr. Puch dándolle explicacións e pedíndolle desculpas decindo que a non realización da proba non houbo ningún erro por parte do clube organizador, sinón por problemas xurdidos na planificación do evento con cambio de datas e disponibilidade de persoal. Tamén di que o colectivo ten que implicarse máis e colaborar na organización de algunas actividades.

De seguido o Sr. Pérez Araujo participa aos presentes as directrices do calendario de cursos da EGAM o órgano didáctico federativo cun total de 33 cursos de tódalas especialidades deportivas, e propón organizar cursos con apoio audiovisual nos clubs e minicursos. Así mesmo, solicita que os clubs fagan reseña dos cursos da escola nos seus medios de comunicación das entidades cos seus socios, calendarios, circulares, paxinas web, etc.

Pecha a exposición do calendario federativo o Sr. Pérez Prego expoñendo o ambicioso programa de tecnificación deportiva para o ano 2017, con formación de técnicos en clubs, tecnicificación en escalada, con nenos, alpinismo e creación dun equipo feminino de escalada, presentado xa á Secretaria Xeral para o Deporte para o seu financiamento, e que está valorado nuns corenta mil euros.

No transcurso deste punto, abandona a sala o Sr. Vázquez Pérez e con posterioridade se incorpora á Asemblea o Sr. Fernández Rey..

A Sra. Sanz pide máis dotación para o deporte feminino.

O Sr. Freixeiro Cameselle comenta que hai 3 proxectos federativos de tecnificación, e que teñamos coidado co financiamento para non collernos as mans. Tamén pregunta como pode haber un deporte sin competición.

O Sr. Pérez Prego pon de manifesto que si non hai ranking non existe competición.

O Sr. Pérez Araujo manifesta que a súa opinión, e cos Clubs non teñen en moitos casos obxectivos deportivos, sino obxectivos sociais.

O Sr. Ramirez di o tema e complicado o que a vontade deben poñela os clubs, e nos mesmos traballase cos medios posibles dentro do carácter amateur xeral.

O Sr. Requejo redunda en que hai que pensar nos que manteñen os clubs.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

• Prezos das licencias deportivas para o ano 2017

O Presidente Sr. Puch da unha explicación sobre os prezos das licencias e fai a observación de que logo de varios anos de contención da parte correspondente á F.G.M. en beneficio dos nosos deportistas en plena crise e convinte incrementar a cota correspondente a F.G.M. nas licencias de Maiores.

A Sra. Barciela di que é certo que hai que pensar na Federación o que pensa que hai outras maneiras de financiarse sen tocar a Licenza.

O Sr. Criado di que o seu club como non recibe nada, e que non esta de acordo coa subida.

O Sr. Freixeiro Cameselle da as súas explicacións de o seu non a subida.

A Sra. Sanz di que as datas das Asembleas se distancien o máis posible de determinadas festas.

O Presidente somete a votación da Asemblea si o incremento debe ser de dous euros, un euro ou manter a cota anterior, cun resultado de sete votos a favor da primeira proposta, catro a favor da segunda e tres da terceira. Se aproban os novos prezos da Licencias Deportivas.

• Rogos e preguntas

Intervén o Sr. Expósito para solicitar o envío das puntuación do mellor club antes da Asemblea para poder facer reclamación si proceden e solicita que a Federación subvencione cun cincuenta por cento los cursos federativos. Solicita que os cursos estean subvencionados.

O Sr. Fernández Rey comenta que conste en acta a celebración do 75 Aniversario de Club Montañeiros Celtas.

O Presidente a continuación tras felicitar a Montañeiros Celtas polo seu aniversario e agradecer a presenza de todos os asistentes levanta a sesión as 14,30 horas.

O Presidente

Adolfo Puch Domínguez



O Secretario Xeral

Alberto Carle Campuzano